

Recomendacións para o acceso do alumnado e prazos de retirada de materiais e exercicios. Curso 2019-2020

A retirada de traballos é necesaria para permitir o acondicionamento e limpeza destes espazos de cara á organización do curso 2020-2021. O acceso do alumnado realizarase de forma gradual durante ese período para garantir o cumprimento das condicións de seguridade sanitarias.

ALUMNADO DE 1º, 2º e 3º CURSO DE GRAO EN BBAA

A retirada de traballos de 1º, 2º e 3º curso realizarase durante a primeira quincena de setembro para proceder despois ao acondicionamento e limpeza destes espazos polo persoal de limpeza e de mantemento do centro.

(Os traballos que actualmente ocupan a aula de 2º de pintura (espazo 27/28/29) quedarán depositados nas caixoneiras da aula e retiraranse a primeira quincena de setembro.)

4º CURSO DE GRAO EN BBAA e Alumnado de Mestrado e Doutoramento.

Retirada de traballos desde o luns 6 de xullo ao venres 10 de xullo, en horario de 9,30 a 18 h.

Co fin de organizar o acceso, enviade un correo antes do 2 de xullo dirixido a tudela@uvigo.es e consfba@uvigo.es co asunto RETIRADA DE MATERIAIS, indicando: o día ou días e a franxa horaria en que se pode pasar a recoller os traballos, así como os espazos aos que se quere acceder. Asignaranse as citas de maneira que non coincidan varias persoas na entrada e saída nin no mesmo espazo.

- . Acceso con luvas e máscara.
- . Só poderá acceder ao centro o alumnado que o solicitou. Calquera outra persoa terá que esperar fóra do centro.

Javier Tudela
Vicedecano de Calidade
Facultade de Belas Artes de Pontevedra